

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA SEIS DE ABRIL DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
Escusa asistencia D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día seis de abril de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e tres de marzo do ano que andamos, que logo de facer as correccións que de seguido se indican no punto 4º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención para o cofinanciamento de servizos sociais polas corporacións locais, apróbbase por unanimidade dos asistentes:

1.- Despois de ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda, debe engadirse :

-Continuar coa prestación dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal nas mesmas condicións de dotación de persoal, que en anos anteriores.

-Solicitalle á Consellería de Traballo.....

2.- Onde di o Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes a súa achega incluída a procedente doutras administracións) da seguinte maneira, debe figurar:

-PERSONAL..... 62.551,61 €.  
-MANTEMENTO..... 1.400,00€  
-AXUDA NO FOGAR:



-Prestación básica.....	22.333,00 €.
-Persoas valoradas como dependentes.....	11.149,34 €.
<b>-REALIZACIÓN DE PROGRAMAS</b>	
-Emerxencia Social.....	6.000,00 €.
-Intervención Comunitaria.....	3.000,00 €.
-Intervención con colectivos específicos.....	9.646,60 €.
: -Atencións complementarias SAF.....	9.689,00 €"

## 2º.- Instancias de obras de particulares

### 2.1.- Instancia num. 309/10 de don José Luís Bascoy Cebeiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación dun muro de pedra, de aproximadamente 50 mts de lonxitude, para a conservación do mesmo, no lugar de San Gregorio, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da construción, non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía existente. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta euros (#30,00#)


### 2.2.- Instancia num. 87/10 de don Arturo Penide Gálvez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación da cuberta e muros exteriores dunha vivenda situada en Vista Alegre, emprazada dentro do ámbito do Plan Especial de Ponte Ulla (PE-1) segundo o PXOM, segundo o proxecto técnico presentado redactado polo arquitecto don Jorge Vales Fernández cun orzamento de 13.486,00 euros.

Dáse conta asimesmo da autorización do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos sesenta e nove euros con setenta e dous céntimos (#269,72#)

### 2.3.- Instancia num. 75/10 de dona Marta Carbia Giadanes

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación dun anexo á vivenda, de aproximadamente 66 m<sup>2</sup> de superficie en planta e unha altura aproximada de 5 mts, consistente no arranxo de paredes e cambio de tellado, situado en Galegos, emprazado en solo urbano residencial en tipoloxía mixta (U-1) segundo o PXOM.

Dáse conta asimesmo da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno; axustarase ás condicións da autorización do Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde


Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e dous euros (#72,00#)

### 2.4.- Instancia num. 1988/10 de O Forno da Ulla, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Francisco Javier García Rendo, en representación de O Forno da Ulla, S.L, solicita licenza para rehabilitación dunha construción, consistente na substitución da tella nunha superficie aproximada de 100 m<sup>2</sup>, situada en Ponte Ulla, dentro do ámbito do Plan Especial de Protección do Núcleo de Ponte Ulla (PE-1) segundo o PXOM.

Dáse conta asimesmo da autorización da Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta (#70,00#) euros

#### 2.5.- Instancia num. 128/10 de don José Tallón Freire

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Socastro num. 7- San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para obras de acometida da súa vivenda á rede municipal de sumidoiros.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: solicitarse a autorización de Aquagest, S.L que poñerá as condicións de conexión tendo a obriga de axustarse ás mesmas e ademais non se danará a calza debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

#### 2.6.- Instancia num. 1986/09 de don Carlos Fantova Hernández

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Barcelona, expón que con data 20/11/2007 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Viño grande -Illobre (licenza num. 126/07), e achegando a documentación pertinente solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas municipais correspondentes, que ascenden, á cantidade de noventa euros (#90,00#)

#### 2.7.- Instancia num. 388/10 de Penelan, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Ramiro Pérez Vieites, en representación de Penelan, S.L, expón que a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Galegos -Vilanova, e debido á nula demanda e ás dificultades de financiamento derivadas da actual situación económica, foi imposible rematar as obras, polo que solicita a concesión dunha prórroga para rematar a citada vivenda

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de dezaioito meses para o remate das obras, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas municipais, que ascenden á cantidade de sesenta (#60,00#) euros.

### 3º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

3.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de marzo do ano que andamos, pola que se designa como coordinador de seguridade e saúde



das obras do *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010* ó enxeño de telecomunicacións don Javier García Méndez.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de marzo do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións ilegais que se están a levar a cabo por dona Carmen Gómez Sada, consistentes na construción de peche no lugar de San Gregorio

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de marzo do ano que andamos, pola que se reconece o 1º trienio ó traballador don Gerardo José Cerdeira Souto con efectos do 01/03/2010

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de marzo do ano que andamos, pola que se eleva a definitiva a adxudicación provisional do contratos de obras consistente na *ampliación e reforma da gardería municipal*, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010, efectuada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día nove de marzo á empresa Promotora Matimán, S.L

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.5.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de marzo do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións que se están a levar a cabo por dona M<sup>a</sup>: Carmen Pereiras Granja, consistentes na construción dun peche de parcela no lugar de Bazar-Trobe

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de marzo do ano que andamos, pola que se eleva a definitiva a adxudicación provisional do contratos de obras consistente na *Pista polideportiva descuberta no CPI de Vedra*, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010, efectuada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día nove de marzo á empresa Promotora Matimán, S.L

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e seis de marzo do ano que andamos, pola que aproba a modificación num. 1 da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla*, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010, dado que existe unha opción viable de cruzar a N-525 sen recurrir a un topo como se contemplaba no proxecto orixinal, e como contrapartida auméntase a lonxitude da tubería prevista cos conseguintes aumentos nas medicións de excavacións, reposicións, tuberías, ..etc.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de marzo do ano que andamos, pola que en relación coa obra de *Ampliación da rede de sanea-*



*mento en O Matelo e A Torre*, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010, declárase válida a licitación e adxudícase provisionalmente a mesma ó unico licitador admitido Manuel Sobredo S.L, no prezo de cento dezanove mil novecentos noventa e sete euros con cincuenta e seis céntimos (#119.997,56#) máis IVE, que supón unha baixa de mil trescentos noventa e un euros con noventa e sete céntimos (#1.391,97#) sobre do tipo, e coas seguintes particularidades: prazo de execución: 4 meses; a citada empresa ocupará na realización da mesma a 5 persoas, 4 pertencentes á empresa e 1 de nova contratación.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.9.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de marzo do ano que andamos, pola que se aproba o cadro de características do contrato das obras de *Acon. Viais municipais en Socastro, Neira de Arriba, San Fins de Sales, Buxeiros, Cubelas, O Francés e Cimadevila (código 10.2100.0240.0); Acond. Viais municipais en Matelo, A Gándara, Soacstro, Angustín e Outeiro (código 10.2100.0241.0) e ampliación da rede de alumado público en Sarandón, Fornelos e Argunte (código 10.2100.0242.0)*, incluídas no *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2010)*.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

#### 4º.- Outros asuntos

##### 4.1.- Solicitud de axudas para actividades de formación de adultos

Dáse conta da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 26 de marzo de 2010 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2010 (DOG num.62/10, do 5 de abril).

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda segundo memoria elaborada ó efecto.

##### 4.2.- Escrito num. 404/10 da Asociación San Blas

Dáse conta do citado escrito no que dona Paula Rodriguez Rendo, como representante da Asociación San Blas, expón que o vindeiro 2 de maio celébrase en San Mamede a festa da augardente, polo que solicita a concesión dunha axuda económica

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda de setecentos cincuenta (#750,00#) euros, debendo presentar xustificantes por importe de alomenos o dobre desa cantidade para o cobro da mesma

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e quince minutos

